



SERVIZO DE ORIENTACIÓN, INFORMACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO.
AGRUPACIÓN VILASANTAR, SOBRADO E CURTIS

BOLETÍN DE EMPREGO SEMANA 6 DE MARZO DE 2017

PERSOAL PARA GRANXA EN CURTIS.

Requírese carné B e experiencia no manexo de tractor. As persoas interesadas poden enviar cv a susana.nieto@curtis.gal

ELECTRICISTA

Con experiencia en montaxe de liñas, formación regrada en electricidade e formación en prevención de riscos básico e específico do posto. Residencia por Curtis, Sobrado, Vilasantar ou cercanías. As persoas interesadas poden enviar cv a susana.nieto@curtis.gal

OFERTAS DE EMPREGO PUBLICADAS EN MILANUNCIOS

Dependenta para Betanzos. Para realizar funcións de venda e limpeza da tenda, xornada partida de mañá e tarde. Interesados enviar cv a: orti1920@gmail.com

Técnico/a en xardinería para Melide. Precísase un/unha técnico@ en xardinería e floraría e/ou un técnico@ superior de paisaxismo para explotación de invernadoiros en Melide. Terán prioridade os candidatos residentes na comarca de melide e contorna. A formación adicional en hidroponía (será ofertada gratuitamente ao traballador@ contratad@). Contrato a tempo completo (40 horas). Salario a convir, incluíndo incentivos en función de obxectivos de produción.

Camareira para a Castellana (Aranga), a 3km de montesalgueiro. Contrato de longa duración e ben remunerado. Preferible menor de trinta anos. Contactar con sagrario Vázquez (686101766 / 662248792)

Camareiras de fin de semana para Oza-Cesuras. Contacto por correo electrónico a través da web.

Carpinteiro para Betanzos. Para o montaxe de interiores de barcos de poliéster. Contactar con Jorge no 670327734

Camareira para mesón de Betanzos. Interesados chamar a Pepa (Mv 666496420).

Cociñeiro/a para Bergondo. Requírese experiencia. Xornada completa e incorporación inmediata. Interesados contactar no teléfono 655887495

Peón de almacén para Sabón. Requírese formación en almacenaxe, distribución mecánica. Curso de carretillero, nivel medio de informática e manexo de traspaleto eléctrico e retráctil. Interesados enviar cv a: repcion02@grupobase.com (indicar no correo a ref.: Peón almacén Sabón)

Persoal para servizo doméstico e limpeza en Bergondo e Sada. Disponibilidade de luns e xoves, o día completo. Imprescindible experiencia previa, coche propio e residencia en Bergondo, Sada ou zonas limítrofes. Persoas interesadas mandar CV e teléfono de contacto a través da web.

Camareira de salón e barra para Arzúa. Contactar a través da web.

Persoal para o coidado de nenos en Abegondo. Para coidar un neno de 20 meses e outro de 3 anos, en horario de 7-10 (días de colexio) e de 8-15 (vacacións escolares e fins de semana). Imprescindible carné de conducir. Interesados enviar cv a: mariajmedin@gmail.com

Extras para Parrillada en Melide. Interesados contactar no teléfono 684048874

Mecánico para Melide. Imprescindible experiencia. Interesados enviar cv a: tallermelide@hotmail.com

Granxa de vacas en Ordes. Necesitase xente para granxa de vacas que sepa ordeñar preferiblemente da zona. Abstéñanse os que non cumpran os requisitos. enviar curriculum o email.

Monitor/a de Tempo Libre para Melide. Para realizar actividades en local de ocio. Interesados enviar whatapp a Nuria 675260488

Modistas para A Coruña. Requírese experiencia por inicio de actividade do negocio. Contacto por teléfono ou whatsapp 635-823484 María Sánchez

Máis información e inscrición na páxina web: www.mianuncios.net

OFERTAS AXENCIA LOCAL DE COLOCACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

07/03/2017Oficiais1ª Electricistas Industriais

06/03/2017Dependente/a

02/03/2017Docente operario de almacén

01/03/2017Dependente/a de Boutique ou tenda de moda

01/03/2017Xerocultor/a

23/02/2017Axudante de cociña

23/02/2017Graduado/a Social

17/02/2017Contable

16/02/2017 Axente exclusivo

14/02/2017Responsable de Estudos Técnicos

10/02/2017DOCENTE EXPLOTACIÓN AGRARIAS

10/02/2017TÉCNICO/A EN AUDITORÍAS ENERXÉTICAS

10/02/2017Técnico/a Prevención de Riscos Laborais-Séctor Eólico

10/02/2017Consultor financeiro familiar

08/02/2017Administrativo/a

06/02/2017comercial



20/01/2017Cociñeiro/a

Máis información e inscrición en: <http://axencialocaldecolocacion.org/ofertas>

CONVOCATORIAS PARA A OBTENCIÓN DE FORMACIÓN REGRADA NO ANO 2017

1) Probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de FP

As solicitudes deberán presentarse en papel, no centro de inscrición, utilizando o formulario normalizado (código de procedemento ED312C ou ED312D) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Prazos de inscrición na proba:

Grao Medio: 13 e 23 de marzo de 2017, ambos os dous incluídos. Exame o 31 de maio de 2017.

Grao Superior: 6 e 15 de febreiro de 2017, ambos os dous incluídos. Exame o 20 de abril 2017.

2) Probas libres da ESO e Bacharel.

- E.S.O.: para a convocatoria de xuño, do 13 ao 24 de marzo e para a de setembro, do 3 ao 10 de xullo de 2017. O centro máis próximo para presentar a solicitude é o EPA Eduardo Pondal de A Coruña.

- Bacharel: entre o 24 de febreiro e o 10 de marzo de 2017, o centro máis próximo para presentar a solicitude é o EPA Eduardo Pondal de A Coruña.

AXUDAS A EMPREENDEDORES

IGAPE. Galicia Rural Emprende 2017

No DOG Nº 42 do 1 de marzo de 2017, publícanse as Bases reguladoras e a convocatoria para o presente ano 2017.

Serán subvencionables los proyectos dirigidos á creación de emprego en zonas rurais mediante axudas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias viables, que deben contribuir á diversificación económica, crecemento de emprego, sustentabilidade de medio rural e equilibrio territorial.

Prazo remata o 2 de maio de 2017.

MEDIDAS LEADER 2014-2020



Axudas dirixidas a empresarios e emprendedores para a execución de proxectos que deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da Estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- b) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente, para os non produtivos.
- c) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- d) Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para o pedido dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible.

Máis información: Leader - GDR As Mariñas Betanzos (Curtis) ou GDR Ulla Tambre Mandeo (Vilasantar e Sobrado).

FORMACIÓN

CURSOS DE LINGUA GALEGA.

Son cursos preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4. Os centros máis próximos onde se desenvolverán será en Melide, Ordes, A Coruña e Santiago. O prazo de inscrición nos cursos remata o día 28 de marzo.

CURSO PRIVADO DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS NO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL EFA PIÑEIRAL EN ARZÚA

Formación homologada para obter o certificado de profesionalidade unha vez rematado. Requisitos de acceso ter a ESO ou equivalente ou as competencias clave.

Centro: EFA Piñeiral. Centro privado, prezo a consultar. Inicio planificado a fines de marzo 2017 e finalización en decembro de 2017. Horario aínda non establecido.

Para máis información: Raquel Carregal Mv 626639450.

DATOS DE CONTACTO DO SERVIZO:

Para apoio no envío de cv ou máis información.

Teléfono: 981789003 (Excepto os mércores de 12.00h–15.00h en 981778169). Email:
susana.nieto@curtis.dicoruna.es

